

JESÚS DE JUANA Y JULIO PRADA EL GALLEGISMO: HISTORIA Y TEXTOS. DE LOS ORÍGENES A LA DECLARACIÓN DE BARCELONA

LAURA NOVELLE LÓPEZ
UNIVERSIDADE DE VIGO

Sen ningunha dúbida, sempre é de agradecer a aparición de sínteses que nos acheguen de modo áxil, á vez que directo e rigoroso, a temas que poden resultar de interese tanto para o especialista como para o público en xeral, máxime se se corresponden con aspectos da nosa máis recente contemporaneidade. É este o caso, precisamente, do libro que nos ocupa: concibido como obra de consulta, mestura á perfección unha apretada pero accesible síntese da historia do movemento galeguista cunha coidada selección de 52 textos, de variada extensión e natureza, nos que se recollen os aspectos máis sobranceiros desta evolución.

Así, tras unha breve introducción, o primeiro epígrafe está abdicado ó PROVINCIALISMO, que se estende entre 1840 e 1868 (textos 4-9). Caracterízase polo predominio da influencia liberal e os seus representantes van atopar na lingua, pero sobre todo na Historia -da man de Veree e Aguiar- os seus principais sinais de identidade, malia non teren sido capaces de articular un proxecto político específico para o país.

O segundo epígrafe (textos 10-12) fai referencia á fase do FEDERALISMO (1868-1885), evolución lóxica se temos en conta a tendencia dalgúns galeguistas a confluiren coas formulacións deste tipo que se consolidan noutras partes do Estado. O seu documento máis elaborado foi o *Proyecto de Constitución del Estado Galaico*, redactado en 1883 e aprobado catro anos máis tarde.

Un terceiro apartado, que se correspondería cos textos 13-20, ocúpase do REXIONALISMO (1885-1916/18). Sobradamente coñecidos son os seus persoeiros máis destacados: Aureliano J. Pereira e Leiras Pulpeiro dentro da tendencia federal; Alfredo Brañas dentro da tendencia tradicionalista, que axiña rendabilizará o xurdimento de novos movementos como os "Círculos Católicos de Obreros" -xa estudado por un dos autores para

o caso de Ourense-; e Manuel Murguía, representante da corrente liberal herdeira do provincialismo, para quen a raza e o territorio pasan a se-los elementos constitutivos da "Nación", entendida esta como ente obxectivo e perenne. Todo esto sen esquecer unha inescusable mención a *Solidaridad Gallega*, nacida ó abeiro da experiencia catalana homónima, que, nembargantes, non correría a súa mesma sorte.

A derradeira parte da obra ten por obxecto o estudio do NACIONALISMO (textos 21 en adiante), fase dentro da cal cómpre distinguir varias etapas. A primeira, desde a aparición das *Irmandades da Fala* ata a chegada do réxime republicano, onde destacaremos documentos como o programa político das *Irmandades* ou, máis adiante, o establecemento da "*Triple Alianza*" froito dos contactos mantidos con Cataluña e País Basco. Unha segunda abarcaría a evolución do nacionalismo durante a IIO República, que bota a andar de xeito prometedor coincidindo cos anos esplendorosos da *Xeración Nós*, e remata traxicamente ó frustrar a sublevación militar de 1936 a aprobación en Cortes do Estatuto de Autonomía plebiscitado polo pobo galego. A ditadura franquista, marcada pola represión exercida sobre a esquerda, que alcanzou a significados galeguistas, non impediu que, andando o tempo, o tardofranquismo vise agromar iniciativas como o *Partido Socialista Galego* ou a *Unión do Pobo Galego* e os seus "Dez Principios Mínimos".

Finalmente, abórdase a situación do nacionalismo durante a Transición política e o posterior proceso de consolidación da democracia, que constitúe, ó noso entender, a parte máis interesante da obra. Porque se o dito ata o de agora non é máis ca un rápido repaso de aspectos moi coñecidos sobre os que xa existe abondosa bibliografía, as páxinas que se abdican a analiza-lo devir do movemento nacionalista galego na España democrática teñen o mérito engadido de contribuír a encher un baleiro na nosa historiografía máis actual; de feito, novamente a selección de textos vén a confirma-lo que dicimos, pois dentro dela atoparemos documentos como o *Manifiesto de los 29* (1977), o noso vixente *Estatuto de Autonomía*, aprobado o 6 de abril de 1981, o programa de *Coalición Galega*, ou a *Declaración de Barcelona*, asinada nesta cidade por CiU, PNV e BNG o 16 de xullo de 1998, así como os documentos posteriores a esta. Neles, as forzas nacionalistas das tres nacionalidades históricas cren necesario supera-la actual fórmula autonómica para afondar no dereito á autodeterminación dos pobos desde unha perspectiva marcadamente europeísta de plena actualidade; a súa inclusión reflicte o acertado plantexamento dunha obra que, fiel ó seu título, axuda a contextualizar correctamente a historia do movemento, desde as orixes ata practicamente onte mesmo.

Xa que logo, non podemos senón sauda-la aparición deste libro, no que pesa a intención de acender unha luz sobre un período do nacionalismo galego -as últimas décadas- sobre o que aínda non existen suficientes estudos, pero que resulta capital para entende-lo "nunca resolto debate da articulación política de España", como ben sinalan os autores. E, desde logo, estes acertaron de cheo ó telo concibido como manexable obra de consulta, agasallándonos cunha útil ferramenta de traballo coa que as novas xeracións, estudiosos, profesores ou simplemente lectores curiosos sexan quen de mergullarse, a través dos seus textos máis representativos, nun dos aspectos máis polémicos e interesantes da Historia Contemporánea de Galicia.